

MEDIDAS DE PREVENCIÓN

En CaixaBank Payments & Consumer queremos ser claros contigo. Por iso, creamos medidas de prevención para que utilices de forma responsable o **pagamento aprazado (*revolving*)**.

O pagamento aprazado (*revolving*) é unha forma de pagar a prazos o diñeiro que usaches coa túa tarxeta ou co teu crédito.

Medidas para un uso responsable do pagamento aprazado (*revolving*):

1. PUBLICIDADE CLARA E TRANSPARENCIA

Queremos que entendas ben que produto contratas.

Por iso:

- Temos xestores ben informados para responder as túas dúbidas.
- Revisamos toda a información que damos sobre as nosas tarxetas e créditos, dende a publicidade até a venda en tendas.

Queremos que coñezas toda a información importante antes de contratar o pagamento aprazado (*revolving*).

2. INFORMACIÓN SEMPRE DISPOÑIBLE

Na nosa web tes información sobre o pagamento aprazado (*revolving*).

Así podes consultala cando queiras, para entender ben como funciona esta forma de pagamento.

3. PRODUTO AXEITADO PARA TI

Antes de darche o pagamento aprazado (*revolving*), revisamos a túa situación económica. Así comprobamos se é unha boa opción para ti.

Non todos os produtos financeiros son axeitados para todas as persoas.

4. CONTRATOS DOADOS DE ENTENDER

Preparamos de forma clara tanto a información que che damos antes de asinar coma o contrato.

Para iso:

- Usamos unha linguaxe sinxela.
- Incluimos exemplos con cálculos das diferentes formas de pagamento.
- Revisamos todo o proceso de contratación.
- Comprobamos que recibes toda a información importante.

5. CRÉDITO RESPONSABLE

Ofrecémosche un crédito adaptado á túa situación económica.

Por iso, temos en conta que poidas devolver cada ano polo menos o 25 % do diñeiro que che prestamos.

Por exemplo:

Se che prestamos 1.000 euros,
debes poder devolver polo menos 250 euros cada ano.

6. CONSELLOS PARA USAR MELLOR O PAGAMENTO APRAZADO (*REVOLVING*)

No resumo mensual da túa tarxeta mostrámosche, con exemplos, como podes reducir a túa débeda.

Tamén che aprendemos o que podes aforrar se cambias a cantidade da túa cota mensual.

7. COTA MÍNIMA PARA EVITAR QUE A DÉBEDA SE ALONGUE

Ti elixes a cota que queres pagar cada mes.

Dende CaixaBank Payments & Consumer asegurámonos de que a túa débeda non se alongue demasiado no tempo. Por iso, fixamos a cantidade mínima que debes pagar cada mes (cota).

Con cada cota pagas unha parte do diñeiro prestado e dos xuros.

Deste xeito, a débeda dura como máximo 5 anos e medio dende que utilizas o diñeiro por primeira vez.

Ademais, se queres, podes elixir unha cota máis alta para devolver o diñeiro en menos tempo.

8. MELLORA CONTINUA

Analizamos as queixas e reclamacións que recibimos.

Así podemos:

- Detectar problemas.
- Mellorar a transparencia.
- Asegurarnos de que che informamos ben e de que actuamos de forma responsable.